



Valdoviño

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E SETE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Expte. 2021/G007/000020

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas e quince minutos do día vinte e sete de maio de dous mil vinte e un, reúnese en primeira convocatoria a Xunta de Goberno Local do Concello de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria convocada regulamentariamente. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, con asistencia dos seus membros:

Dona Rosa Ana García López, dona Jessica Sabín Fernández, don Sergio Saavedra Gutiérrez e don Alejandro Antonio García Sousa.

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptaron os seguintes acordos e conforme á seguinte

Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DOS BORRADORES DAS ACTAS DA SESIÓNS: 06.05.21 – 13.05.21 E 20.05.21.

As actas mencionadas quedaron aprobadas por unanimidade dos concelleiros asistentes a ditas sesións.

2º.- APROBACIÓN CERTIFICACIÓN N.º 2 DA OBRA AGADER 2020: “REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE MOURENTE E PENELA”.-

PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN DE OBRA:

“Proposta de aprobación da certificación de obra n.º 2 “*Reforzo de Rodadura nos camiños de Mourente e Penela*” do Concello de Valdoviño relativa ao Plan Marco Programa de Mellora de Camiños de titularidade municipal (AGADER 2020-1), asinada pola dirección de obra o 8 de abril de 2021 e inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño na mesma data. A correspondente factura consta presentada telemáticamente pola empresa adxudicataria **EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S. A.** o día 8 de abril de 2021 por importe de 23.052,96 euros.

Vista a acta de recepción única e definitiva asinada en data 27 de abril de 2021 polo director de obra, o representante da adxudicataria e o concelleiro delegado de obras.

Tomando nota do indicado, PROPONSE que se adopte o seguinte acordo;

PRIMEIRO.- Aprobación da certificación de obra n.º 2 “*Reforzo de Rodadura nos camiños de Mourente e Penela*” do Concello de Valdoviño e a correspondente factura número Emit-210050 de data 07/04/2021 con número de rexistro contable F/2021/952, emitida por **EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S. A.** en data 07/04/2021 e presentada no rexistro electrónico de facturas en data 8 de abril de 2021 por importe de 23.052,96 euros.

SEGUNDO.- De conformidade disposto no artigo 21 da *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local* como Alcalde e ordenador de pagos, acordar e ordenar o pago dos importes citados que derivan do recoñecemento da obriga, así como recoñecer o dereito do Concello de Valdoviño ao cobro das taxas enunciadas no artigo 6 da *Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos, inspección e dirección de obras realizadas polos técnicos competentes*. Así, o tipo de gravame a aplicar será o 3% e o 1% do presuposto de execución material pola dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde, respectivamente.

Polo tanto, ao importe total da certificación n.º 2 correspondente a obra “*Reforzo de Rodadura nos camiños de Mourente e Penela*” deberán descontárselle 961,65 euros pola dirección e inspección de obra e 320,55 euros respecto a coordinación de seguridade e saúde; toda vez que na certificación n.º 1 non se practicou ningún desconto procede neste momento practicar a retención correspondente a ambas certificacións segundo o orzamento de execución material.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O Alcalde do Concello de Valdoviño;

Asdo.; Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede.

3º.- EXPEDIENTE DA ÁREA DE URBANISMO.-

Expte. obra maior.- Modificación construción de vivienda unifamiliar

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“Expte. De obras 106/2016 – SAMUEL DÍAZ CASTRO Y AMBER CARLA HOLDEN VILELA. Informe complementario de construción de vivenda unifamiliar aislada, a cal foi aprobada a licenza por Xunta de Goberno Local de data 27 de abril de 2017, en [REDACTED] VALDOVIÑO, en solo clasificado como **S.N.U. DE NÚCLEO RURAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AISLADA.**

Visto informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 21 de maio de 2021 en sentido **FAVORABLE.**

Esta **ALCALDIA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción de seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder a modificación que consiste na habilitación do espazo baixo cuberta coma zona de almacenamento, o que implica un aumento da superficie construída da vivenda de 45,00 m². Esta modificación supón unha modificación con respecto ao proxecto orixinal :

- Superficie construída : pasa de 197,05 m² a 242,02 m².

Segundo.- APROBAR a liquidación provisional das obras realizadas a maiores, segundo o seguinte desglose: ICIO .-239,12 €.

Terceiro.- Notificar ao interesado o presente acordo e dése traslado do mesmo á negociado de obras e ao negociado de servizos económicos.

Valdoviño, 26 de maio de 2021
O Alcalde,
Asdo.: Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, aprobou a proposta antedita.

4º.- APROBACIÓN ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR DE SERVICIOS PARA A ACTUALIZACIÓN E DEPURACIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL.-
PROPOSTA DA ALCALDÍA:

O Concello de Valdoviño ven” de actualizar a numeración e, no caso do núcleo urban, a denominación do ruieiro, polo que se fai necesario plasmar a nova realidade no Padrón Municipal de Habitantes.

Para levar a cabo as actuacións para a actualización e depuración do Padrón Municipal de Habitantes, debido á complexidade e especialidade nos traballos a realizar, así como a inexistencia de medios materiais e persoais no Concello, se considera axeitado a contratación dunha empresa especializada para a súa realización.

A contratación do servizo facilitaríaa a posibilidade da integración e interoperabilidade informática dos datos de xeoposicionamento, referencias catastrais e outras fontes de información cos sistemas de información existentes no Concello.

A estes efectos propónse a adxudicación da contratación en favor da empresa EIBISA NORTE S.L, cuxa actuación se concretará nas seguintes operacións:

1. *Asignar a nova numeración municipal (domicilio tributario) a todos os rexistros do padrón*
2. *Asignar referencias catastrais a todos os rexistros do padrón*
3. *Actualización e depuración dos domicilios tributarios na base de datos catastral*

4. Xeración de ficheiros support.google.

O prazo previsto para a execución dos traballos será de 4 meses.

O presuposto previsto para a totalidade das actuacións, excluído o IVE, ascende a 13.956,80 euros.

Considerando o artigo 118 la LCSP, os *contratos de servizos, e sen prexuízo do disposto no artigo 229, cun valor estimado inferior a 15.000 euros se considerarán contrato menor*. A contratación que se propón non altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no apartado 1 do artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A tramitación se levará a cabo segundo o previsto no propio artigo 118.

En canto ao órgano competente para a contratación, corresponderá á Xunta de Goberno Local, por delegación da alcaldía (decreto nº 229/2019, de 25 de xuño de 2019) para a contratación de toda clase cuxo importe supere os 3.0005,06 euros.

Á vista do documento contable de retención de crédito que consta no expediente, e previa proposta por parte de empresa licitadora, queda acreditada a suficiencia de crédito. O presuposto total con IVE engadido ascende a 16.887,72 euros se imputará á aplicación presupostaria 151.22706.

Esta Alcaldía en uso das atribucións que a lei 7/85 RBRL, de 2 de abril, e demais normativa concordante lle confire, PROPÓN a adopción dos seguintes acordos á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO.- Adjudicar o contrato menor de servizos para a actualización e depuración de padrón municipal de habitantes, ao contratista EIBISA NORTE S.L, CIF B-15419906

, por un importe de 16.887,72 euros (13.956,80 euros, e 2930,92 euros de IVE/IVE), e cun prazo de execución de 4 meses.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto correspondente á adjudicación da contratación do referido servizo con cargo á aplicación 151.22706 do vixente orzamento municipal.

TERCEIRO.- Unha vez realizado o servizo, e tras as oportunas comprobacións, o pago efectuarase contra presentación de factura electrónica polo adxudicatario á unidade tramitadora a través da plataforma FACE, no prazo de 30 días desde a prestación dos servizos.

CUARTO.- Publíquese o contrato menor no Perfil de Contratante na forma prevista no artigo 63.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, comprendendo a información para publicar o seu obxecto, duración, o importe de adjudicación, incluído o IVE, e a identidade do adxudicatario.

QUINTO.- Notifíquese a presente resolución ao contratista adxudicatario, con indicación dos recursos que sexan procedentes.

Non en tanto, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime oportuno.
En Valdovino, na data da sinatura á marxe.

ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión, acordou:

- 1.- Aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.
- 2.- Devolver expediente co certificado de aprobación á unidade que remitiu a proposta para someter a aprobación en expte. 2021/C002/000005.
- 3.- Trasladar certificado do acordado aos servizos económicos municipais, para a súa consideración e trámite.

5º.- EXPEDIENTE CONTRATACIÓN: “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN MODIFICADO 1 DE CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE MOURENTE.-

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Valdoviño de data 12.11.2020 polo que se aproba a adxudicación da obra (parte que falta por executar): “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN MODIFICADO 1 DE CAMPO DE FUTBOL DE HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO DE FUTBOL MUNICIPAL DE MOURENTE” a OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L. con NIF:B70329321, por importe de 160.211,45 € (IVE engadido) e prazo de execución de tres meses .

Vistos os informes remitidos polo técnico director de obra do “Proxecto básico e de execución, modificado 1 de campo de fútbol de herba artificial no campo de fútbol municipal de Mourente” de datas, 22.02.21, resumidos en:

- a) Obras pendente de certificar 143.587,15 €
- b) Deficiencias de obras executada : 10.735,92 €

Visto o acordo de Xunta de Goberno Local de data 06.05.2021, polo que se aproba o procedemento de execución de aval (fianza) da obra “Proxecto básico e de execución modificado 1 de Campo de fútbol de herba artificial no campo de fútbol municipal de Mourente” requirindo á Entidade ABANCA a execución da garantía definitiva prestada polo contratista MECANO SPORT S.L. adxudicatario da obra: “Campo de fútbol de herba artificial no campo de fútbol municipal de Mourente” que ascende ao importe de 11.095,85 €.

Visto escrito presentado en data 27.05.21 (registro número 2021999000008289) por OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L. no que se solicita

previamente á formalización do contrato a actualización do prezo ofertado que reflexe o incremento real de custos sinalando a empresa que en caso contrario se reserva o seu dereito a renunciar á formalización do contrato,

Visto que no prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación figura a non revisión de prezos,

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Non acceder á petición formulada por OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L, no seu escrito rexistro 202199900000289, e por ende, proceder a deixar sen efecto o acordo de adxudicación do contrato a esta empresa.

SEGUNDO.-Propoñer a adxudicación á seguinte empresa máis vantaxosa:
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS S.L, B36495604 **requerindolle para que no prazo de dez días hábiles**, a contar desde o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, **presente a documentación sinalada na cláusula 16) dos pregos que rexen a presente contratación.**

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, se entenderá que o licitador retira a súa oferta, procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

Adjudicarase a obra (parte que resta por executar) do “Proxecto básico e de execución modificado 1 de campo de fútbol de herba artificial no campo de fútbol municipal de Mourente” por importe de 161.480,72 euros máis 10.735,92 € (correspondentes ás deficiencias das obras executadas segundo o informe do director de obra de data 22.02.21) a GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓXICOS; previa presentación da documentación antedita.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo a OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO SL. e a GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS S.L.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

O sr. alcalde presenta por urxenza os dous seguintes puntos da Orde do Día, baseada na necesidade de tramitar expediente de contratación de obra incluída no Plan AGADER 2021, que ten que estar xustificada para setembro do corrente ano e na necesidade de nova contrato do Punto de Atención á Infancia.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros ratifica a urxenza da sesión, polo que ditos puntos se inclúen fóra da Orde do Día da sesión:

.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN OBRA: REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE LAGOA, LANZÓS E CORVAL, DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2021-2022.-

Expte: 2021/C003/000001

Asunto: Aprobación inicio expte. contratación obra:

REFORZO DA RODADURA NOS CAMIÑOS DE LAGOA, LANZÓS E CORVAL

Vista Resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) da Resolución de Concesión de Axuda dentro do Plan de Mellora de Camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022 (MR701E), para a obra solicitada por este Concello de denominación proxecto: REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE LAGOA, LANZÓS E CORVAL; proxecto redatado por José M. Saavedra Pantín (arquitecto. Tecn. 978 COAATAC); cun importe sen IVE de 43.557,96 euros; IVE: 9.147,17 e un importe total de 52.705,13€.

Vista a aprobación do citado proxecto por decreto de Alcaldía en data 22 de febreiro de 2021,

Visto informe técnico sobre o investimento, emitido polo arquitecto municipal en data 11 de marzo de 2021.

Visto o informe de intervención de data 27.05.21, o documento de retención de crédito de 26.05.21, ,

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto, factor prezo e tramitación urxente (por ter que estar xustificada a adxudicación o 10 de setembro de 2021), da obra: REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE LAGOA, LANZÓS E CORVAL; cun orzamento base de licitación IVE incluído de 52.705,13 euros.

Segundo.- Aprobar a non división en lotes do presente investimento, en base ao informe xustificativo do arquitecto municipal de data 11 de marzo de 2021.

Terceiro.- Aprobar os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación. Deberán solicitarse todas as actuacións sectorias necesarias para a execución da obra.

Cuarto.- Autorizar con cargo á partida orzamentaria 1532.61900 do orzamento municipal vixente, pola contía total de 52.705,13 euros o gasto que para este Concello supón dita contratación.

Quinto.- Publicar a licitación mediante o correspondente anuncio na Plataforma de Contratos do Sector Público, onde se aloxa o perfil do contratante.

- PROPOSTA DE ALCALDIA PARA A APROBACIÓN DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA “AULA DA NATUREZA”

Visto o informe emitido pola educadora social Iria García Martínez sobre a necesidade da contratación para dar continuidade á prestación do servizo de educación e conciliación do Punto de Atención á Infancia “Aula da Natureza” e que se transcribe a continuación:

**“INFORME PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DO PUNTO DE
ATENCIÓN Á INFANCIA
“AULA DA NATUREZA”**

Iria García Martínez, Educadora Social do Concello, en relación ao servizo de educación e conciliación prestado no Punto de Atención á Infancia “Aula da Natureza”

INFORMO:

1. *Que o Punto de Atención á Infancia é un recurso educativo para nenos e nenas entre 4 meses e 3 anos, que dá cobertura á necesidade de conciliación da vida persoal, familiar e laboral. O servizo leva funcionando no Concello de Valdoviño desde o ano 2017 e oferta un total de 20 prazas en réxime de media xornada ou de xornada completa.*
2. *Que o contrato do servizo licitado e formalizado no ano 2017, coas prórrogas correspondentes, remata no mes de maio do presente ano, sendo necesaria unha nova contratación para dar continuidade ao servizo prestado.*
3. *Que o funcionamento do recurso conta xa cunha traxectoria de varios anos que permite facer unha valoración sobre a súa necesidade e o nivel de participación, constatando que o servizo que presta é fundamental para a cobertura da necesidade de conciliación da vida familiar e laboral da veciñanza. O nivel de ocupación adoita ser numeroso, observando unha subida progresiva e estimando que no presente curso a demanda supere incluso o número de prazas ofertadas. Isto pon de manifesto o interese e a necesidade existente entre as familias, o que xustifica a importancia de que se continúe prestando o servizo.*
4. *Que se solicita financiamento por parte da Xunta (Plan concertado) para o mantemento das instalacións e para subvencionar ás familias a gratuidade por segundo/a fillo/a. De cara a este ano está solicitada unha cantidade maior, pendente de coñecer a resolución ao respecto.*
5. *Que entre os departamentos de Secretaría, Servizos económicos e Servizos Sociais elabóranse os pregos de cláusulas administrativas e técnicas para a licitación do servizo e aprobación dos mesmos pola Xunta de Goberno Local, para iniciar posteriormente o procedemento administrativo da licitación.*

En Valdoviño, a 10 de maio de 2021

*Iria García Martínez
Educadora Social”*

en virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e técnicas para a contratación do servizo educativo e de conciliación do Punto de Atención á Infancia “Aula da Natureza”

Así o acordo, mando e asino en Valdoviño na data que figura á marxe

O Alcalde

Asdo. Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.

PARTE DE ACTIVIDADE

6.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non houbo

Ás dez horas e trinta minutos a sesión chega o seu fin sendo levantada polo Presidente. Esténdese a presente acta comprensiva da mesma, que eu, Secretaria, CERTIFICO.

/Documento asinado á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/